

## ESCOLMA DE TEXTO DE OTERO PEDRAYO

### O PROBLEMA DO SEÑORITO

(El Pueblo Gallego, 15 de xuño de 1930)

Señorito nado e criado no século dezanove. Boa caste. Na sala retratos de maxistrados e coroneles do norte. Na aldea un pazo como un sol con todo o seu sistema pranetatio de viñas, agras, hortas, somos, nabeiras, touzas e rendas. Fai moito que non se misa na cúpela e nela fan lume os caseiros, mais a familia ten na parroquial seu banco ó agarimo da pia de bautizarse. O señorito é abogado. Da derradeira xeneración do tempo dos abogados gorgollos da Administración. Cultura cómoda, pechada, dixerida, hastra se convertiré en dogmática sobre o fundamento da psíquica. Historia de España de Lafuente. Século de ouro español do que apenas leeu o «Gran Tacaño» e «La vida es sueño» certa preocupaceón pola gramática. Novelas de Valera e Galdós. Un problema interesante en «Pequeneces». Evolucionismo e catolicismo de misa de doce e médea transixentes na zona da indefrenza. Considera moderna a «Afrodita» de Pierre Louÿs. Gasta algús pesos en novelas á moda, e no fondo ten polos «ismos» o desprezo e o medo dun crego de fai vinte anos.

Na aldea administra mal. Desconfía dos labregos sin ter carácter pra se imponer. Polas tardes, na cibdade, afóndese na butaca dun casino e fuma cigariños e fai chistes e pórtase con todo o mundo moi finamente. Mais cada día lle medran na faciana as enrugas da desespranza e do esceuticismo. II é listo. Dase conta, escuramente, das cousas. Xa se vai considerando arqueolóxico mais sin forza pra un fondo análise interior vanlle decorrendo as sazóns da vida, tinxidas de indefrenza. As veces sinte envexa polos que se asulagan no viño. Nin pensalo, entrar na taberna. Ademáis o estómago non lle dá licenza.

Cada día vai sendo máis dificultoso o ofíceo de señorito. Precisa moitos cartos. Auto, viaxes, roupa pra tódalas horas. Nun tempo ahondaba co traxe azul pra tres tempadas e moito coidado cos «cabos»: sombreiro, corbata, botíns. Poucas veces se incomoda. Transixe con todo. Soilo lle dá noxo o galeguismo. Tenlle medo. Primeiro como unha ordinariez. Agora que non se pode sostener iste punto de vista porque o galeguismo estronza os seus sufincos na vida.

¿Non a pasou enteira imitando a moda de Madrid, disimulando o acento, queixándose da lama, da néboa, e das malas compañías dos teatros de provincia? Paisaxe incomparabre no vran, a galega. Na aldea estariase ben se houbera sociedade. Transixe co turismo. E cousa elegante. Mais, ¿a que veñen coa língoa e ca raza, co celtismo e cos castros, cos canzoneiros i o portuguesismo? Portugal: outro noxo. Sabe catro contos moi graciosos. ¡Que ditoso sería pasando os invernos en Madrid! Soilo con pasar de Brañuelas fuxe o reuma e na estación de Valladolid hai unha alegría e un acento que dá xenio. O probé señorito de casino, o home do tráxico sino de enlazar o tempo dos «laceiros» co «fox», o gabado por un tipo fino nas tertulias das señoras, sofre moito. A culpa non é soilo dil. Endexamais tivo entusiasmo por nada sostantivo e propio, i aquela cultura falsa foi apenas unha tona sin raíces internas na vida.

Debía haber us confesores conselleiros pra istes señoritos. Ainda poderían ser salvados. Pois dentro dus anos ofrecerán o cadro dunha vellez sin a grandeza do coronel do norte, de maxistrado de forte moral, de ledo e mandón señor de pazo como os vellos que il coñecera de novo. O señorito

debe sentir unha pequena concezón de remordemento. Que se enfrente co il, que o chame país será o comenzo da súa salvazón. Dous invernos na aldea, sin casino, cun bo lume de torgueiras, moito pasear, moito silencio e saudade. Un diáreo franco dos pensamentos do día. Aforrar pra un viaxe pola Europa central. Volta ó pazo. De flxo que o fondo galego diste home xurdirá criándolle unha nova vida. Atoparase no mundo e na historia. Será conscentemente galego, e fuxiránlle os medos i os noxos de mal filio da Terra, que o fixeron ser mal europeo do vinte. Si despoixa dun tratamento sincero volve a pensar no casino que o galeguismo non pasa da ordinariez ou da parvada, elle mellor ó señorito adicarse a un réxime de tinteiros de bo viño. Polo menos será un esmorguista gracioso ás veces e sempre ben educado.

## **TERRA, RAZA, CULTURA, HISTORIA**

**(El Pueblo Gallego, 27 de xanairo de 1933)**

Roca primixenia, de gra ou pizarrenta, persoalidá xeolóxica dende o seu cósmico nacer difrenzada, ergueita, diante da sinxeleza da mar e das formacións ibéricas, secundarias, terciarias, dinantes dos homes dibuxada pra certos homes, faciana agardando o pneuma de un espírito. Amoroso acariciar da citoiva, cantigar das iaugas proflando, cada istante, a escultura do chan. Aer oceánico, sol na mar mallado. O bosque boreal —ensoñare dos bidueiros, afirmación dos carballos, nos piñeiros salaios do futuro— franqueando ao agasallo do Sul polas ponlas tolas da vide. E o torrón labrego, templo, amparado nas abas modernas das serras, no socego calmo da mar engaiolada nas rías. Vixía das roitas atrántecas, forteza da pedra envolveita no maxinativo criar da vida e da vexetación. Terra. Suco, berce, coba, corazón.

Brazos labourando o esgrevio, e esquisito, e o pódense granito deica faguelos carne e sangue da raza. Xente danzal baixo todos os ceus rexa e confiada a un tempo na forza da vontade, no trunfo da forma belida e no degaro do além. Xenio endexamais sadisfeito no crásico orgulo da obra rematada, sempre arelante dos novos hourizontes, liberal e franco, europeu da millor sementé diante da tentación mol do Sul, sufincado na esperanza alongada polo requintado labio da elexía. Como o seixo, raza lumiosa e dura.

O pular céltigo, maquiador de penedos, paixós e ideas, tinxido como o sol pinta a nubem, pola gloria do xenio latino, universalizado nos brazos da crus. O rir ledó, agurgullante, sin o bafo da ferocidade xermana, a cada xeneración a curiosidade dos nenos maxinadores de universos, contento da vida, capacidade de agardar, ialma nova non cangada por ningún cargar de civilización alleira, arte eispresivo, insadisfeito, língoa matizada de alboradas e longos poentes ca confianza no derradeiro trunfar do espírito. Cultura galega, ancorada no peirao occidental pronta a aparexar un vento da terra pra fitar todo anxeio human.

Na historia, universal sin pesadelo de imperio, xenerosa e curtes ca civilidade do traballo e da esperanza, forte no amparo das esencias raciales, ensaiando todos os caminos, baixo a tona das roinas pulo nuoso.

Terra, xente, cultura, historia. Agora un istante o urxente de disfruitar dos dereitos dos pobos nativos, de erguer a vos galega no concertó dos pobos novos. Que os nemigos —por psiquiza, desatención, raposeiría ou amingoamento moral— pensen a soilas ca concenza no significado das catro verbas.

Si cavilan con sinceridade, ¿serán capaces de negare seu ser galego?

## GALEUSCA

(El Pueblo Gallego, 20 de agosto de 1933)

¿Que podemos agardar de Madrid? Ista nosa Terra aínda se deixa levar en grande parte da súa opinión por a inercia e a priguisa coltivadas polos periódicos madrileños. Os de todos os desastres, de todos os desprezos e incumprensivos. É doroso decilo: aínda moita opinión galega pensa e fala ao compás das tertulias dos cafés da Porta do Sol. De Madrid chega o anuncio do Tratado uruguaio, a suspensión das obras públicas, a negativa á Galiza dos cursillos profesoriales concedidos a outras rexións, o descoñecemento da cultura e da economía galegas. II, mantén pola súa Prensa o concepto estreito de ser a nosa Terra un montón de provincias estifundiarias. E grande parte da opinión galega, e dos periódicos galegos, bican a man que nos bate, e acollen en sorrir de servos os chistes e as ameradas opinións da Prensa da capital da República.

Madrid, tal como é hoxe, co seu sentido metropolitán e imperialista, seródeo, inxusto e desacreditado, é o peor inimigo da Galicia.

Pois nos somos diferentes e Madrid quer a uniformidade, pois nos somos outros e Madrid quer que sexamos como il, pois nos criámonos ás beiras do Atlántico diante de todos os camiños do mundo, e Madrid vive diante da estepa enxoiada, lonxe dos mares e do mundo máis pechado e indefrente que Felipe o Taciturno na súa cela do triste Escorial.

Que eles canten a beleza do Guadarrama e o sol mudéxar de Toledo. Están no seu dereito. Mais cantemos nos as nosas serras nutricias e o espírito europeo de Compostela. Que a nosa relación sexa de pares, de iguais, non de amos e servos. E si non fora posible máis que ista relación de eles amos, entón calquer cousa diñantes de servidume.

Madrid non debe estar arestora moi seguro da súa potencia metropolitana cando minte e inxuria por falla de millores argumentos. Isto aconteceu agora coa viaxe triangular e a formación de «Galeuzca».

Tres pobos na Hespaña disfróitan de língoa, cultura, i espírito propios. Os outros poden chegar á descentralización «bien entendida» porque suspiran todos os moderados da nosa Terra afeitos a encender unha vela a Deus e outra ao demo. Euskadi, Cataluña, Galiza, precisan de unha chea liberdade, e soilo poden vivir armónicamente cas outras porcións da Hespaña, baixo a fórmula federal.

Os actos celebrados en Barcelona con motivo do pacto de «Galeuzca» —xuntanza de tres nazionalismos irmáns— producirán en Madrid, e na Prensa infante de Galiza levada da man por Madrid, comentarios tan probes que fan rir, tan miseirentos que soilo deixan lugar ao desprezo. Non comentaron as conferencias, os intercambios de cultura, visitas aos museos e arquivos, a unanimidade de todos os partidos autonomistas dende a Esquerda á Luga, os mítins de ton sempre ergueito e xeneroso. Nin xiquera a máis elemental dignidade profesional. Mentiron con intención falando de «muera» a España. Falsearon a verdade con irónicos comentarios. Mentiras e falsías que moita Prensa que se di moderna e galega, por círculos políticos e por mítins de pseudo apóstoles, por onde quixeron os diarios de Madrid que ben saben como manexar aos inertes e priguissosos.

Non nos intresa a opinión de Madrid. Mais debemos informare á opinión galega. E decímoslle que nos actos de Barcelona dominou tan ergueito espírito de paternidade e xustiza que non podían dexenerar en berros de mal gosto. E afirmamos que o alentó poderoso dos tres pobos rexos da periferia non será endexamais domeado por ningunha incomprensión serodia, pois súa verba é fraterna e de paz pra todas as concen-zas de boa vontade. Díxose que os galegos aló presentes non representábamos a Galicia. Dende logo non á Galiza oficial, a dos partidos de comenza, a dos satisfeitos no aldraxe, a dos esquencidos do seu verdadeiro deber, a dos que no novo tempo gardan as maneiras dos tempos pasados e disfróitan encadeados na indignidade de un Estado centralista. Mais a verdadeira Galiza, a do espírito inmorrente, a do pobo heroico traballador, a da mocidade disposta a faguer que a Galiza viva a súa vida, ¿quen hoxe a pode representare, agás da modestia personal, millor e con máis dereito que nos, os galeguistas militantes?

## PRA UNHA POLITICA GALEGA

(El Pueblo Gallego, 1 de setembro de 1933)

Non atopar-la millor tema pra sumarme ao homenaxe a Loriga feito na capital da terra, forte i espranzada, de Deza. A palabra políteca, de ceibe estirpe helénica, criada en compañía da ciencia baixo o numen de Minerva, feita de xustiza e de lus, foi tan mal usada por beizos indinos que seu significado privado de idealidade, chegou a deberer rente unha noxenta raposeiría feita de simulazón i engaño, de baixeza e incomprensión. Cabezas de porpiaño, malas sorrisas, olladas de esguello, mans lixadas no mostrador dos favores e na argallada das treiciós, costas soltas ó mundo moderno, sombreiriño na serán pra os de enriba, chapeu posto como casco feudal pra os de abaixo, definían o políteco de estilo antigo i os que hoxe se fan a ilusión de gobernare na Galiza sin se decatar que son apenas estadea de sombras arredor das cobas do cimiterio. Un novo sentido político, un erguemento i unha purificazón da concenza galega aixiña as afundirá pra sempre no reino que non ten volta e deles soilo ficará na literatura unha páxina picaresca, na historia o tídoo dun capítulo negro, na lembranza un desprezo, na vontade un esforzó pra que de ningún xeito volten a rexurdir.

Dixemos política e política nova. A palabra limpa dos seus lixos siñi-ficará profesión de homes de concenza e de cultura, profesión de fe necesaria i esencial na vida pois ela, a política, contén o vivir todo dos pobos. E nova non como cousas insospeitada sinón como aquila políteca galega, nosa, que non se fixo sendo a única que Galiza precisa. Súas direi-ciós e seus programas non son estranos nin dificultosos de entenderé. Están escritos na concenza de todo home de limpa intenzón. I é ben sabido que a metade polo menos da resolución dun probrema está no seu craro pranteamento. Administrazón galega, economía galega, cultura galega. ¿Quen dubidaría distes puntos básicos dunha redenzón galega?

Xa estamos ouvindo (tantas veces o teñen latricado) voces cultura re-sésiga ou de rutina incurabre: —«Iso siñifica volver ó partido lasismo suicida da Edade Media» seguidas dun abonxamento de argumentos en pro da unidade nazonal, e de seus froitos de progreso e civilidade. ¡Palabras mortas xa privadas de zume! Vivimos nunha Galiza fai tempo chegada á maoría de idade e que agora recrama os seus dereitos e non se quer dei-xar gobernar polos covachuelas de Madrid, acougo e invernadeiro de toda vexetación caciquil, sinón polos seus concellos e representados ceiba-mente elexidas e diante o pobo responsabres. A verdadeira unidade do Estado non sería unidade; é dicir consorcio, acordó, simpatía, si fora sempre, como foi, o mando nunha rexión privilexiada ñas outras, o mando dunha cibdade que ruga as millores capacidades das rexións da Hespaña sin comprender os probremas e os estilos de cada unha délas, imponendo lei inxusta e tiráneca. Unha autonomía administrativa pra Galiza quer dicir ponerse a tono co mundo culto onde cada rexión de terra, língoa, tradizón e fisionomía de seu, tan autónoma figura políteca, é igual nos Soviets comunistas que na católica e tradizoalista Austria.

As arelas polítecas e os probremas económicos galegos soilo poden ser guiados e resoltos na Galiza, por galegos que ó tempo, coma compre a homes do século XX, saben da Galiza, da Hespaña e do mundo. A forte agricultura galega vive de miragre, ó maneen do Estado. Elo proba o que será cando teñamos unha políteca económica que illustre o paisano, que lie cure os víceos da rutina, lie franquee caminos pra que o motor non deixe de visitar ningunha parroquia, lie procure mercados e pona a sua gandeiría ó nivel da dinamarquesa ou da holandesa. Unha políteca que nos remedie da vergonza, por exemplo, de que portos criadores enorme riqueza como Fisterre, Corme ou Cariño non teñen un metro de muelle cando o diñeiro do agro e da marina galega se gasta en luxos estranos.

¿E que diremos da cultura? A galega foi a primeira língoa moderna de Hespaña que chegou a un auto frolecer literario e nela Alfonso X «o úneco Rei Sabio que no trono de España tivo asento» como dixo Curros Enríquez, dixo o millor de seu esprito. En galego temos que pensar e sentir si queremos ser considerados no mundo e non ser tidos por homil-des imitadores que copian por non crer na propia forza. Temos unha arte, unha espresión musical, unha maneira nosa de pensamento e de emoceón. Deixala morrer sería o suicídeo que non se perdoa pois é pecado contra o esprito. Hai moito que facer neste sentido pois foron descuidadas as xeneraciós anteriores, máis que gloria incomparabre pra unha nova xeneraceón redentora, iste deber e ista groria de enriquecer ca nosa cultura do mundo!

¿Que todo isto non é políteca? No uso vello da palabra, non. No de hoxe, no propio, no necesario, e salvador, si, todo isto é políteca e soilo por ela pode franquearse o camino e sostenerse a intenzón. E tódolos que amamos as fermosas térras de Galiza agardamos que elas, fortes e coscentes do seu deber fagan, chegado o momento, deitar a balanza políteca da parte da Redenzón galega, pois por algo as súas comarcas dende Dozón a Vila, están enclavadas no curazón e no centro do corpo da Galiza, nosa nai na vida e na morte.

## NAZONALISMO E FEDERALISMO

(Céltiga, 1931, n° 160)

Non podemos nin por un instante pensar en esquecer iste nome: na-zonalismo. Porque a moitos pon medo e porque hoxe todos se chaman federales. Aínda aquiles que o chatan de calquer relaceón co nazonalis-mo desviado e imperialista de algús pobos da Europa habería que lies decir: «¿E logo, sería un mal pra nos, pra Hespaña, pro mundo enteiro, o que algún día a cultura galega batera as áas dun imperialismo do espir-to?... Pois outro xénero se non pode agardar do xenio moderno e pacífico dos galegos. E que se dispense o usar a verba imperialismo polo que podía ter de aguda proa guerreira. O caso non surprenderá a quen sinta a fonda vibración da ialma céltiga, seus virxes tesouros de espiño e aquí-la custante novidade que lie cría pra cada momento de crise hestórica, a súa maxinación creadora, o seu comercio xornaleiro ca natureza sentida como presenza de alen mundo. Pra este estudio, cecais non aventurado da cultura galega, será condición unha armuña dos difrentes grupos na-zonales da céltiga. E pra o sinxelo orgaísmo administrativo na Hespaña nova, e pra manter Í eisaltar a psiquis e a físis, e pra a economía, e o senso do pasado e a conquista do porvir, incluso pra unha conceición artística i estética, se non pode pasar sin a palabra nazonalismo.

Ela soila siñifica e abrangue a verdadeira realidade galega en tódolos tons e grados e matices. Calquer outra sería cativa ou falseira ou equivocada. Porque hoxe se chaman moitos federalistas, porque hoxe se chaman moitos autonomistas. A autonomía, pode ser unha concesión. O federalismo pode conxugar individualidás pouco desenvoltas, pouco estesas no fondo e na superficie das rexións. E sinón pensemos no caso da Hespaña, ou na da Francia pra non fuxir do país —do Estado— máis crasica-mente unitario.

As unidas nazonales entran na federación por dereito propio, sin dis-cuseón, como un recoñecemento da realidade. As rexións, sinxelamente matizadas dentro dun tipo xeneral, entran por unha comenencia ademi-nistrativa, por a necesidade dunha maor facilidade, ou por unha ansia de individuoalidade que ás unidas nazonales se non pode discutiré. A Bretaña, ou a Vasconia, collerían por dereito propio nun posibre federalismo francés no que o país de Orleáns ou Champagne ou a terra de Lyon serían pouco máis que circos administrativos.

Igoal na Hespaña. Todos desexamos que a Extremadura ou o Aragón teñan a autonomía propugnada polos seus intelectoás máis siñificativos. Mailo caso distas rexións se non pode medir co mesmo criterio que os de Cataluña, Vasconia ou Galiza. Nisas terras as variados da facies xeográfica ou human non chegan a difrenzar o nó interno común a outras rexións. O dominio dunha estaxe xeolóxica, dunha acentoación, dun estilo social non pasan de variados dun tema. O tema nazonal, úneco, intransferíbele, eterno no vivir hestórico, da Vasconia ou da Galiza, non pode se contentare ca autonomía. ¿Como nos, galegos do Rexurdimento, irnos a discutiré a verba nazonalismo?